

Un, que o coñece desde hai ben de anos, seguramente realizou esta entrevista cun aquel de directo, de persoal, que se cadra a poderá tornar escura, e mesmo críptica para o que non comparta a nosa relación persoal. Feita esta salvedade, a xeito de desculpa, a un só lle queda facer a ficha do entrevistado, da maneira que un entende que o debe deixar contento: nacido en Roás da Terra Chá, no ano 52, de familia labrega, vocación que en grande parte permanece.

Seis libros editos (cinco de poesía, "Verbas a un irmiño", "Home e Terra", "Cancioneiro da Terra Chá", "Elexia nunha escuridade mortal" e "Abrelle a porta ó día", e un de crónicas, "Noticias dunha aldea"), e catro inéditos, amén doutras publicacións baixo pseudónimo.

Hoxe en Lugo, é pai de familia, comunista e liberado da Intersindical Nacional de Traballadores Galegos.



DARIO XOHAN CABANA

Poeta e nacionalista

Dario, ¿cando comeza a facer de poeta?

Bon, non sei moi ben. Acordo cando, indo á escola en Roás, lle fixen uns sonetos a un compañeiro, en plan de escárnio.

¿Sonetos?

Bon, si, eran uns sonetos moi especiais. Tiñan endecasílabos de nove sílabas, de doce, de catorce e das que cadaban, ¿entendes?

Logo, dalgúnha maneira ¿consideraste encarnado na tradición do poeta popular, do fistor de tan ilustre tradi-

ción na Terra Chá?

Home, non sei. Gustaríame de herdar esa tradición tan importante, realmente impresionante, pero quen o primeiro poema que fai é un soneto, que non é precisamente unha copla, senón algo máis ben aprendido nos libros... E ademais, hai que ter en conta que eu non coñecín un fistor até os dazoi- to anos.

Logo, ¿por qué razóns cres ti que comezache a facer poesía?

Bon, fóra daquela aventura infantil, eu comecei en

serio cando un pouco cheguei á sensación de Galiza como país diferente, alá aos quince anos, cos meus primeiros estudos de métrica, etc. Non podo dicir que chegasen daquela ao nacionalismo con todas as súas implicacións, pero si desde logo ao galeguismo.

E logo, ¿como veu a cousa? ¿Nacionalista antes que poeta ou poeta antes que nacionalista?

Bon, é que houbo unha xeración, na que estou incluído, que chegou ao nacionalismo maiormente a través da literatura. Daí a grande importancia da literatura, daquela e aínda hoxe, na formación da conciencia nacional dos galegos. A min eme moi difícil o separar as dúas cousas.

Concrétanos logo, hoxe, a impricación na tua persoa entre o poeta e o nacionalista.

Bon, pois sigo sen separar. Non é que toda a miña obra seña política, ou polo menos que teña unha inmediatez política, pero o que si creo é que toda ela ten carácter patriótico. E logo, unha cousa que penso é que, se non fose galego e se non fose nacionalista, se cadra non escribiría poesía. Penso que puidera non escribila.

Calquer asiduo da tua obra pódese decatar das tuas preferencias pola métrica tradicional, pola rima coitada e acabada, pola perfeita medida do verso. Isto, ¿é consciente, espontáneo, buscado...?

Eu non teño unhas tendencias teóricas claras, o que pasa é que logo, na práctica, saenche de certa maneira. Eu poderíame definir como formalista, e é que creo que na poesía, se non hai unha forma que tende á perfección, dubidoso arte é. Non é que pense que o verso libre non poda ser algo ben feito. Ten, ou pode ter, uns valores rítmicos, uns valores sonoros... Para min a poesía é moito sonoridade, ademais...

¿E cal é o momento actual da poesía galega?

Creo que estamos no carto momento glorioso da poesía galega moderna. O primeiro sería o do Rexurdimento, Rosalía, Curros, Pondal... logo a xeración de Manuel Antonio e Amado Carballo, de arredor do ano 25, a Xeración da Tebra, cos poetas que xurden, Bernardiño Graña, Ferrín, Manuel María, e outros que arredor deses anos 50 xa teñen abondosa obra publicada. E do 76-77 para aquí, esta nova xeira, Millán Picouto, Cesareo Sánchez Iglesias, Xavie-

Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Víctor Vaqueiro, que están facendo unha poesía de auténtica altura. Eu reafirmome. Estamos nun novo momento poético glorioso.

E esta nova xeración poética, ¿trae características novas, cuño persoal?

Home até agora se cadra é un pouco cedo para dicilo. Recén acaban de comezar a publicar, e a min non me é constatable de momento máis características que a súa alta calidade. Ademais, teñen grandes diferencias entre eles. Do barroquismo verbal e o clasicismo grecolatino de Millán Picouto, á economía verbal, a concentración, o carácter case etéreo da poesía do Cesareo Sánchez, aínda vai ben diferenciar....

¿Non pensas que esta diversificación de estilos non é unha mostra evidente do maduramento da cultura galega?

Bon, eu lembro esa frase de Mao tan bonita, "Que nazan cen flores e florezan cen escolas". A madurez dunha cultura tamén se pode ver precisamente no feito de que haxa cen escolas, ou como dicía o Fidel Castro, "escreban como lles dea a gaña, escriban o que lles dea a gaña, pero non se metan coa Revolución".

Dario, cóstanos que tes varios libros inéditos. "Abrelle a porta ó día" mesmo, é froito dun traballo poético de xa nos dirás hai cantos anos. A ver, ¿por qué tes eses libros inéditos?

"Abrelle a porta ó día" comeza sobre o 74 ou 75 e acaba sobre o 78 ou 79. Eu, desde o ano 73, que non publico nada, escribin e escribin, e hoxe teño catro libros inéditos. ¿Que por qué non publiquen? Pois porque a vida editorial no país tamén é moi florentina, aínda que parece que colle camiño. "Abrelle a porta ó día", en concreto, levaba tres anos en editorial, e até me deu tempo a modificar o primeiro orixinal para facer a edición que sería definitiva.

Penso que convirás que os problemas do mundo editorial galego non son participantes das dificultades do conxunto do mundo cultural do país. ¿Pensas que é necesario un desenvolvemento da cultura en xeral, de cara a que produción poética e produción editorial se normalice?

Bon, a cultura galega actualmente é unha cultura de resistencia ante o colonia-

lismo, da cultura que nos ven imposta. Coa autonomía e demais a situación non ten variado nada cualitativamente, pero o que si se ten producido nestes últimos tempos é un aumento cuantitativo na actividade cultural. Temos saído daquel "ghetto" onde catro tolos nos xuntabamos a ler uns libros estranhos, e a cultura galega xa está na rua. A vella cultura de resistencia foi profundizando, e hoxe xurden iniciativas mesmo de carácter industrial e comercial, que responde, e creo que hai que dicilo así, ao que levamos feito, ao que levamos feito os nacionalistas. Xurden novas editoriais, e ben chegadas señan, como "Edicións Xerais", con capital importante por tras. Xurden cousas como a editora de discos "Ruada", outra empresa moi interesante, e estas iniciativas non veñen por calquer cousa, senón por un traballo cultural que foi avanzando. E que téñen de seguir avanzando. As Asociacións Culturais, cumprindo o seu papel de resistencia fronte á cultura agresora, os artistas, organizándose nun sentido non gremial, senón de servizo ao país, como estamos a facer os escritores, por exemplo. Feitos estes que conforman un movemento cultural aínda algo esbandallado e carente de plantexamentos globais, pero eu entendo que en camiño de fixalos. E aínda a normalización cultural non poderá vir máis que da man do poder político, é desta maneira como imos dando pasos.

Parece que non tocaches moito os campos tradicionalmente pouco accesíbeis, ou pouco accedidos, para a cultura galega...

Bon, é que hai certas iniciativas que nos están un tanto vedadas por culpa do factor diñeiro. A posibilidade dun cine galego está fortemente atrancada polos seus grandes custos e pola carencia de circuitos comerciais, aínda que as AA.CC. sempre se podan constituir en círculo paralelo. Pero hai o caso do vídeo, que é un instrumento cultural realmente de impacto. E é que hai que superar un funcionamento cultural exclusivo a base de conferencias e mesas redondas, aínda que desde logo sen renunciar a elas. E claro, na prensa, por exemplo, é ben certo que na prensa española operante en Galiza o idioma ten entrado, aínda que en proporcións aínda moi pequenas. E aparte da prensa normal, como pode ser A NOSA TERRA, penso que deben aparecer outras iniciativas máis locais, como "A Voz do Condado", que vendía 3.000 exemplares. Logo a radio. Aínda que hai pai-



ses con problemas lingüísticos que utilizan a lingua nacional para mellor domesticar a xente, situación que en Galiza, desde logo, eu entendo que xa non se pode dar, coa medra da conciencia nacional. Eu convidaría os traballadores da cultura a ofrecérense a facer programas en galego, aínda sen retribución en principio. Despois, xa se farian rentábeis mesmo economicamente, "per se". É a ver se nos autorizan dunha vez as emisoras de FM, que será outro bon meio....

Dario, dinos algo desde o punto de vista do sindicalista.

Claro, o meu é un caso bastante pintoresco. Eu non coñozo ningún outro poeta que fose liberado dunha Central. Pero hoxe en Galiza hai moitos traballos que facer, e se ben nunha Galiza normal eu seguramente non debería estar aí, hoxe non me queda máis remedio que dedicarlle a miña vida a esta tarefa, e sendo en certa maneira, e por desgracia, un escritor de fin

de semana.

Ti tamén te tés significado na polémica actualmente existente sobre o idioma escrito. Exponos algo da tua filosofía ao respecto.

Bon, eu entendo que hai que dignificar o galego como lingua literaria, pero *a partir do propio galego*. A miña filosofía non é castelanista, como parece que hai quen se empeña en dicir; en todo caso, de chamarlle dalgunha maneira, é enxebrista. O galego tén en si mesmo as posibilidades de desenvolver unha lingua moderna plena, sen necesidades de seguir normas do español, portugués, nen ningún outro idioma. Polo tanto, eu non comungo con iso do *reintegracionismo* que, entre outras cousas, pretende saltar por riba de sete séculos de historia separada.

Experiencias ao respecto abundan....

O problema é que hai teorías de máis e traballo de menos. Aquí un quidam agarrará un dicionario calquera e monta un idioma. E o que cumpre, é, primeiro, un esforzo de recollida da fala viva, que seica xa o Instituto da Lingua Galega ten moito feito; logo, un estudo dos textos medievais, e non soas Cantigas, sobre as que hai montados unha serie de tinglados díganos *lulistis* moi tendenciosos, senón toda esa documentación que máis directamente reflexa a fala viva, documentación procesal e xudicial. E logo, aterse moi principalmente á tradición de cento e pico anos de galego escrito que tamen é historia, aínda que certos señores pretendan pasar por riba dela. Porque que a ortografía rosaliana era case española, iso é real, pero que despois, moi esforzadamente, se foi chegando a unha ortografía moi propia, tamén. Unha ortografía moi pouco complexa, moi económica, factor este moi interesante. E ademais, como xa dixen, histórica, dunha historia que está en contacto directo conosco, que non hai que ir buscar alo atrás.

ALFONSO MAIRA

Sobre a estrada Ourense-Monforte

Segundo o Ministro de Obras Públicas Sr. Ortiz González a estrada de Monforte a Ourense "presenta dificultades técnicas, cunha inversión económica desusada, dada a rentabilidade da obra", polo non vai entrar no plan de obras a realizar no ano que ven. Esta resposta a unha interpelación do senador Cacharro Pardo trouxo consigo unha gran revolta en todos os municipios non afectados pola construción desta estrada, polo que os seus reitores se reuniron en Monforte o sábado día 30.

Os accesos a Galiza "polo Centro" están paralizados, segundo se desprende das manifestacións do Sr. Ministro de Obras Públicas no Senado, non son rentábeis construílos.

Pouco importa que anos atrás puxesen en marcha un proxecto que no seu momento foi considerado viábel e absolutamente necesario.

Agora dan marcha atrás e din que presenta "dificultades técnicas", que non é rentábel e que non hai créditos para a súa construción.

Así deixan a un lado o proxecto desta vía absolutamente necesaria, como afirmaron unanimemente os representantes dos axuntamentos, estaban todos, polos que

pasa esta estrada, desde Ponferrada a Ourense, despois de invertir centos de millóns, indo precisamente e, como sempre, en detrimento das zonas máis deprimidas de Galiza. Para a Autopista do Atlántico si que hai créditos e millóns, ou para outras obras parecidas; para esta estrada que se ve cortada algunhas veces por accidentes de camiións, desprendimento de terras ou mal estado de pontes, como pasou recentemente, non hai cartos.

INTERESES CREADOS POLO MEIO

Hai quen fala que esta negativa débese a que existen sérios intereses para que

esta estrada non se remate. Falan de proximidade de Monforte con Ourense, máis perto que Lugo, e da comunicación Vigo-Ourense-Monforte, así como do desenvolvemento desta importante comarca de gran riqueza natural, pero cunhas deficientes comunicacións que non permiten o seu progreso.

Seña isto verdade, ou non seña, o caso é que aí a quen non lle interesa que algunhas comarcas de Galiza algunhas comarcas de Galiza progresen.

Se a Autopista incrementou a diferenza entre o interior e o litoral, agora, a non algunhas comarcas de Galiza progresen.

Se a Autopista incrementou a diferenza entre o interior e o litoral, agora, a non construción desta estrada aínda fará máis acuciante a situación. A contestación e que "non é rentábel". Como me dicía un amigo "xa sabemos que somos unha colonia, pero nunca pensei que chegara a tanto".



Segue a folga do arrastre

A folga do arrastre, que desde o día 7 de maio se está a levar no porto da Coruña, e que afecta a uns 110 barcos parados, é dicir, 1.650 homes, aínda que non chegou a unha solución xa que os armadores na súa proposta, presentada por fin, non recollen os seus puntos mínimos presentados polas centrais sindicais convocantes, e que veñen a ser: suba salarial conforme ao incremento da vida, mantemento do pleno emprego, pago do traballo de noite, mantemento de plantillas mínimas, é dicir, 15 homes por barco, recoñecimento de complementos non salariais e regulación dos descansos. Asímismo, as centrais sindicais presentes no conflito, INTG, CC.OO e UGT esixen o control sobre os contratos de traballo.

O pasado venres, día 29, celebrábase unha manifestación na Coruña que saíu ás oito da

tarde da praza da Palloza e na que participaron máis de dúas mil persoas.

Doutra banda, no pleno municipal celebrado o sábado, día 30, o Diputado provincial polo BN-PG, Cesar Pintos, presentou unha moción fora da orden do día na que se pedía a solidariedade da Corporación provincial cos marifeiros en folga, moción que foi aprobada por todos os partidos con representación na corporación. Asímismo, acordouse dirixirse á Asociación de Armadores, Centrais Sindicais negociadoras do convenio do arrastre e ao Ministerio de Agricultura e Pesca, no senso de urxir a solución do problema.

O segundo punto da moción, onde se criticaba a política pesqueira do Goberno español, contraría aos intereses dos pescadores galegos, foi aprobada tamén, pero esta vez coas abstencións de UCD e CD.

tesouro bicicletas
As milliores marcas do mercado
Pastor Díaz, 3 (Tras Av. Portugal) tlf. 231977 OURENSE



CARAVANAS CATUSA
SERIE NOVA
A mellor inversión de hoxe.
Se lle vai viaxar faga turismo na "casa"
CL
COMERCIAL LAMÁS
Propietarios: Souto, 1 - Nova Carrilón, 12 - General Franco, 24
Telf. 217580 Telf. 560704 Telf. 450674
LUGO VIVEIRO AS PONTES

Dario Xohán Cabana

'O escritor galego precisa ter orgullo e saber da autosuficiencia da súa propia lingua'

■ XAN CARBALLA

Dario Xohán Cabana, un dos nosos poetas maiores, hai unhas semanas que ven de gañar o "Xerais" coa súa primeira novela "Galván en Saor". Ao tempo que saen as súas traducións de Dante e Petrarca, Dario publicou neste 1989, o seu ano de consagración literaria, "Patria do mar" un poemario gabado por Ferrín, como un dos grandes libros da poesía europea. Dario ten coñecido nos seus trinta e sete anos de vida, a militancia sindical, múltiples oficios, de libreiro a policía municipal e unha rica experiencia humana e política, sempre fiel ao seu idioma e ao seu país, unha experiencia que deita na súa literatura.

O feito que sexa un home da Terra Chá, e que o reivindique dentro da súa orixe literaria, que supón, ou en que sentido marca unha orixe xeográfica na que teñen nado diferentes e importantes escritores?

Ten relación sobretudo cunha cousa: que a Terra Chá é unha terra fértil en patacas e cada terra especialízase na súa cousa. Aparte bromas, na Terra Chá surxiron uns poetas importantes a primeiros de século e despois continuou Manuel María. A presenza de Manuel María chamou a algúns rapaces a escribir e penso que esa é a única razón, o demais será casualidade.

sualidade.

Pero nos seus escomenzos como escritor hai unha marca particular Manuel María. Coñecino cando tiña 16 ou 17 anos e desde entón tivo unha función importante como guero e como mestre. Mesmo nos primeiros anos publiquéi da súa man.

Na noite da entrega do Premio Xerais lembrou moi especialmente aos seus pais, labregos, por darlle a coñecer desde rapaz a lingua galega. Até que ponto a súa orixe de clase e social marca o labor literario e a forma de concebir o mundo e a vida?

Coido que o marca todo, porque as experiencias deses anos primeiros son moi importantes. A miña casa era quizais unha das poucas da parroquia onde había libros, e eu lin desde cativo: a Dumas, a Verne... E na casa había un ambiente herdado dunha tradición esquerdista, da tradición da Frente Popular, no cal estivera a miña familia, meu pai, neno durante a guerra, era comunista, meu padriño que vivía na casa... todas esas cousas inflúen, mesmo no orgullo de falar galego. Na miña casa nunca houbo complexo por falar galego, etínamolo vencido nas relacións exteriores e nas interiores

'XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ É A PERSOAA QUE NO PERSOAL E NO LITERARIO MÁIS INFLUIU NA MIÑA VIDA'


por suposto: meu pai falaba galego en Lugo, ía ás tendas e falaba galego... E despois márcame a consideración no tempo dun modo de vida que había ali, que con todos os seus problemas vai tendo vantaxes: no arraigo na Terra, ás cousas do entorno, na lingua. O feito de falar galego da Terra Chá e galego de labregos márcame. Coido que teño bastantes manías a respecto da lingua, e unha delas é esa pureza, esa carnalidade que dá dicir *abidreira* e vela presente, non coñecela librescamente, senón materialmente porque ténolle arrincado a cascara para facer papel... para min as palabras teñen unha viveza que quizaves non ten para quen aprendese o idioma de maior.

Nunca tivo, entón, dúbidas á hora de escoller o idioma da súa escrita?

Non. Realmente cando empecei a escribir foi porque quería escribir en galego.

Na súa biografía destaca unha profunda e admirada relación con Xosé María Álvarez Blázquez.

Xosé María Álvarez Blázquez para min, que estudei o bacharelato a trncas e barrancas, foi o meu auténtico mestre de moitos saberes. El tiña unha imensa curiosidade por todas as ponlas do saber e por el comecei a ler os poetas medievais, intereseime pola historia, pola filoloxía e ensinoume sobre todo algo que é difícil que algún o faga: a paciencia. Xosé María era un home dunha paciencia descomunal, e máis que iso duha gran terquedade: propoñíase unha cousa e seguir até conseguila. Xosé María é posibelmente a persoa que no persoal, e no literario tamén, tivo máis influencia na miña vida.



'TENO QUE CREER QUE O TRABALLO POLITICO IMPIDE EN GRAN MEDIDA O TRABALLO LITERARIO PORQUE SON DOUS LABORES MOI ABSORBENTES'

A súa biografía está ligada ao traballo e ao compromiso político.

Como escritor, como intelectual, un ten a obriga de non ser un indecente, e dunha maneira ou outra —non por obriga e si por devoción—, reflexar tamén as contradicións do seu povo e a súa clase. Pero a obriga verdadeira está na militancia da persoa. Con altos e baixos, con maior ou menor dedicación, considereime sempre un militante, unha veces con partido e outras sen el.

E esa adicación militante como inflúe no seu traballo como escritor?

Teño que creer, porque a práctica demostroume, que o traballo político impide en gran medida a práctica literaria, porque son dous labores moi absorbentes. Pero non quixera que se sacara a falsa impresión de que fun un militante crucial en nengun momento, fun un militante disciplinado, obediente e dedicado pero non un dirixente.

Se dedicas a tua vida á política non che queda tempo para adicarla á literatura e viceversa. Nun momento determinado da vida, entre a canseira, o queime, a actividade política diaria, foi pasando a segundo plano e subindo ao primeiro a literaria. Non foi nengun

sacrificio senón algo que esixía a miña personalidade: máis de "rata de biblioteca" que de axitador, que era unha obriga moral que sentín moi fortemente.

En canto a sacrificios pola literatura non fixen nengun que esta non me pagara con creces. A satisfacción de escribir é tan grande que calquera renuncia está moi ben paga. Nengun pequeno pracer vale o que sacar un poema que me satisfai regularmente ou contar unha historia que me goste.

Ten sido galardonado con moitos premios de poesía, ademais deste último "Xerais" de novela. É ocioso preguntarlle a súa opinión sobre eles?

Unha vez que me apresentei a tantos debe ser boa. Os premios son unha maneira, nunha sociedade de absolutamente anormal como esta, de remunerar un pouco o traballo de escritor: con cartos e certa estima social. Dentro dos premios están os que valen en si e a dos premios que valen só polos cartos que dan. Un premio que che dan por un poema á beleza dun determinado sitio, falo e esquéste do poema que fixeches adrede e case como acto de prostitución. Pero un premio que che dan por un libro de poemas que che custou moito traballo facelo, ou por unha novela ou por unha tradución, xogan non só os cartos

'AS TRADUCIÓNS DE DANTE E PETRARCA FORON ACTOS DE AMOR AOS POETAS QUE TRADUCIN E Á LINGUA'

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Manifesto das
comunidades
de lingua e
cultura galega
de Asturias,
León e Zamora

Os pasados días 21 e 22 de Decembro celebrouse en Celanova (Ourense) o "I Congreso da Lingua e a Cultura Galega en Asturias, León e Zamora" organizado polo Clube Cultural Adiante.

Entre outras declaracións de carácter reivindicativo, os participantes no Congreso proclaman a súa intención de que este tipo de encontros teñan continuidade no futuro para así avaliar a evolución no proceso de recuperación cultural destas comarcas. Os representantes do Bierzo ofrecéronse a servir de anfitrións nun 2º Congreso, a celebrar na localidade de Vilafraanca.

I As comarcas máis occidentais de Asturias, León e Zamora posúen non só unha lingua común á da Galicia administrativa, senón tamén un patrimonio cultural común, como se pode apreciar —entre outros aspectos— na antropoxia, na arqueoxia e no dereito consuetudinario. A todos compete que esta identidade cultural sexa respetada e preservada.

II Esiximos da Xunta de Galicia a estrita e inmediata efectividade das previsións do art. 21-2 da Lei de Normalización Lingüística, relativo á protección da lingua falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma, na actualidade totalmente indefensos e sometidos ó perigo de transculturización.

III Esiximos das autoridades das Comunidades Autónomas de Asturias e de Castela-León o pleno respecto da identidade lingüística e cultura das comarcas occidentais de fala e idiosincrasia galegas, á vez que demandamos que se tomen as medidas necesarias que garantan o exercicio dos dereitos emanados dese patrimonio lingüístico.

IV Reclamamos que nas convocatorias dos organismos da Xunta de Galicia, en especial Consellerías de Educación e de Cultura (concursos escolares, prensa escolar, proxectos de investigación...) se declare expresamente que poden acollerse ás mesmas os centros de ensino, os colectivos socioculturais e as persoas das citadas zonas.

V Reivindicamos que no distrito universitario único de Galicia teñan idénticos dereitos de acceso os estudantes que proceden dos concellos de lingua e cultura galegas do occidente de Asturias, León e Zamora que os procedentes da Galicia administrativa. O mesmo demandamos para o ensino básico e non universitario.

VI Reclamamos da Xunta de Galicia que reforme os programas do ensino básico e medio para incluír neles a realidade xeográfica, lingüística e sociocultural das citadas zonas da Galicia non administrativa.

VII Reclamamos dos poderes públicos a adopción das medidas necesarias que garantan a plena cobertura da RTVG e da RTVE-G en toda a franxa estreita con Galicia. Igualmente pedimos que ámbolos Entes Públicos de radiotelevisión establezan unha rede de corresponsalías en todas estas comarcas.

VIII Esiximos das diferentes administracións públicas o total respecto pola auténtica toponimia galega destas zonas.

IX Finalmente, queremos deixar claro que a normalización lingüística do Occidente de Asturias, León e Zamora ten que vehiculizarse na plena galego común, sen prexuízo de que nunha primeira fase, especialmente no ensino, poida aplicarse unha subnorma lingüística que acolla algunhas peculiaridades propias, inexistentes no galego común.

Os participantes no Iº Congreso da Lingua e Cultura galegas en Asturias, León e Zamora manifestárono a vontade de dar continuidade a estes encontros co fin de facer un seguimento do proceso de normalización lingüística en todo o territorio de fala galega. □

‘CELA NON É UN
ESCRITOR GALEGO.
A MIN FASTIDIAME
PERO NON
PERTENCE Á
LITERATURA GALEGA
PARA NADA E EN
NENGUNHA MEDIDA’

tuoso e Dante non só iso senón o mellor poeta do mundo.

En qué xénero se instala mellor ou é que cada un responde a unha necesidade de comunicación distinta?

Non entendo a escrita como fragmentada. É un oficio con tantas facetas como xéneros literarios haxa e sempre pensei que había escribir novelas, pero non pensaba traducir e comecei a facer versións ao galego hai máis de vinte anos que traducín un poema de Jacinto Verdaguer e outro de Paul Eluard.

“Galván en Saor” é unha obra de tema artúrico aínda cunha digresión no tempo. Non é redundante o tema artúrico na literatura galega?

Estivo de moda, realmente, pero para min non é novo. Antes de que estivese de moda leía o pouco que se podía conseguir das novelas francesas do ciclo artúrico hai moitos anos. Por outra banda, ao facer esta novela non quería facer unha refeitura do xa contado senón unha historia, que ao meu modo de ver non é propiamente artúrica, senón baseada no mito artúrico, de valor universal, sácanse un personaxe, un ambiente e unhas situacións. O autor é quen peor pode xulgar unha obra pero penso que trata algun tema bastante moderno.

Na súa obra hai unha linguaxe moi rica e culta e o lector non perde nunca o sentido nen o fio da narración, non se tropeza ao ler. Antón Figueroa planteaba no seu “Diglosia e texto” ese problema de comprensión e de emprego da lingua na literatura galega.

O libro de Antón Figueroa fai pensar e asusta Porque é verdade. O problema dunha literatura como a nosa está sempre a cabalo da diglosia e deses problemas. Coido que moitas veces se escribe na Galiza contra o castellano, desde o punto de vista lingüístico, e ese é un problema da puñeta. A lingua é ela, é a que é, se estás escribindo e estás contraopondo o teu idioma contra as estruturas do castellano é un problema. Iso pode que pase hoxe bastante na literatura galega.

Pero pasa máis en autores “restrados” no uso do galego?

Non necesariamente. Pensaría nun dos escritores cun dos galegos máis fastuosos que se escriben hoxe, que é Xavier Rodríguez Baixeras, que é catalán e non aprendeu o galego como primeira lingua e non se nota ningún deses problemas na súa lingua. Non depende da lingua que se adquiere como primeira, senón que o escritor sexa capaz de centrarse na lingua, incluso como acto de vontade, de instalarse, meterse e pensar desde dentro dela e das súas propias estruturas. Non é fácil de explicar a miña idea.

E íse problema require un esforzo maior, extracriativo se se quer?

Require autocentrarse na propia lingua, require a soberbia ou o orgullo da propia lingua, e unha conciencia da autosuficiencia da propia lingua. Un certo estado mental.

Relacionado con iso en certa maneira, que opina da case inmediata versión e edición en castellano dalgun autores galegos, mesmo a autotradución?

Por min que se traduza o máis rápido posíbel, a calquera idioma. Non estou moi dacordo coa autotradución pero que te traduzan a calquera lingua está sempre ben. En todo caso as editoriais son as que deben determinar a urxencia desa publicación.

Pero dase o caso de que aos poucos meses dunha obra se novidade no mercado galego, en galego, xa está á venda no mesmo mercado a versión en español.

Eso é moi, moi desagradábel. Penso que se deba chegar coas editoriais en cuestión a limitar a distribución na Galiza a dúas ou tres librerías en Galicia, pero evitar no posíbel a coincidencia. Ten sucedido con algunhas obras da literatura infantil, publicadas por editoriais que saen simultaneamente en varias idiomas. E é moi lamentábel que un rapaz vaia ler un texto de Paco Martín en castellano sendo galego.

Co Nóbél de Cela voltou á lus unha vella polémica, cal é o referente fundamental do escritor galego?

A lingua. Cela non é un escritor galego, é un señor galego. Naceu en Padrón, di que é galego, non vive en Galiza pero nunca renegou da súa condición civil de galego, pero escribe en castellano: portanto é un escritor español, que pertence á literatura española. A min fastidiame pero á literatura galega non pertence para nada e en nengunha medida.

O uso de vocabulario galego é un recurso literario moi lexítimo pero iso non o fai escritor galego. Cela escribiu “La Catira” con moitos americanismos e non por iso é un escritor venezolano

‘CADA ESCRITOR
DEBE ESCRIBER EN
FUNCIÓN DA
LITERATURA E NON
DA DIFUSIÓN DA
LITERATURA’

Á hora de escribir ten en conta a asequibilidade da obra? Estou pensando no tema debatido da literatura de quiosque.

Non, absolutamente nada. Escrebo como quero. Paréceme lamentábel que alguén se propoña “rebaixar” para facerse asequíbel, paréceme un paternalismo moi lamentábel. O escritor ten que aspirar a que o nivel do lector permita lelo como el quer escribir. Ese lema que dicía “el vulgo es necio, hablemosle en necio” de Lope de Vega, paréceme unha aberración antiliteraria. Que haxa literatura de quiosque paréceme ben, pero pode ser desde a basura de Corín Tellado ou Lafuente Estefanía até magnífica literatura que soporta unha difusión masiva como Stevenson e hai que sacarlle a pucha. E despois hai os términos medios: non podemos comparar a José Mallorquí, que escribía dignamente, con Lafuente, ou a Salgari con Lafuente. Ou a mesma novela de Dumas, que é literatura de quiosque nunha época na que non había quiosques. Pode haber unha literatura de aventuras sen complicacións, que ao autor lle apeteza facer así, e ser moi válida, e pode haber outra que estupidice. Cada escritor debe escribir en función da literatura e non en función da difusión da literatura. □



XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

senón o recoñecemento dun traballo.

E é lexítimo ese xeito de “prostitución”?

Se che dan dez mil pesos por cantar un determinado lugar, aínda que non o coñezas, o poema non sae dunha compulsión, sáchea a pé forzado pero pode dicir cousas que sintes. É unha “prostitución” con gosto.

Neste ano 1989 publicou un poemario “Patria do mar” e saen as traducións do “Cancioneiro” de Petrarca e a primeiros do 1990 a “Divina Comedia” de Dante. Foron obras escollidas a pé feito?

Foi un acto de amor aos poetas que traducín e á lingua. A nosa lingua precisaba desa aportación e para min Petrarca é un poeta fasci-

‘Sen cambios revolucionarios
o noso país está condenado’

No proceso político dos países do Leste europeo, teñen unha gran importancia os procesos de recuperación da identidade nacional. Á luz desa reaparición, como cree que pode repercutir esa onda nun país como o noso na mesma procura de recoñecemento.

Aquí correspondía dicir como Gramsci, son pesimista de intelixencia e optimista de vontade. Realmente a situación véxoa moi negra, tanto que se non hai unha inversión de tendencia na cuestión da lingua dentro de tres ou catro décadas Galiza íntegra fala castelán, ou castrapo ou o dialecto que corresponda, e haberá unhas pequenas zonas coma en Irlanda de galego falantes. Agora ben, o mundo móvese e faíno máis do que hai uns cantos anos podíamos pensar: a nova revolución que está sucedendo nos países socialistas faínos pensar que o mundo é moi móbil, que pode dar moitas voltas. Os cambios revolucionarios poden che-

gar ao noso país e sen iso penso que o noso país está condenado a un prazo non moi longo, e pode chegar o momento en que esteña nunha situación sen retorno. Nas aldeas do Morrazo os nenos falan en español, antes era nas cidades só, agora avanzou ás aldeas da costa, e por moito prestixio social que acadase a lingua, sen transmisión pérdese unha porcentaxe altísima de galego-falantes. Cando os rapaces a unha certa altura recuperan o galego fanno como segunda lingua e iso é durante unha xeneración, a seguinte xa veremos. É unha visión desesperada?

É conciencia dunha ameaza. Algunhas veces, non sempre, sintome derrotado pola sensación de estar escribindo nunha lingua morta, nunha lingua que antes de que termine a miña vida —se é dunha lonxitude normal— non haxa quen me lea. Pero ao mesmo tempo sei que é posíbel o cambio e a esperanza existe. □

PRÉMIOS LITERÁRIOS

Marilar Jiménez Aleixandre gañou o Merlin con *A expedición do Pacífico*

Darío Xohán Cabana, gañador do Xerais con *O cervo na torre*

'Apresentarse aos premios é tan normal como cobrar dereitos de autor'

■ XAN CARBALLA

O mesmo día que lle concedían o *Ramón Cabanillas* de tradución pola versión da *Vida nova* de Dante Alighieri (Espirál Maior), Darío Xohán Cabana gañaba por segunda vez en cinco anos o Xerais de Novela coa obra *O cervo na torre*. A noite dos premios, celebrada en Ferrol, coñeciase que o *Merlin* de literatura infantil foi para Marilar Jiménez Aleixandre pola súa obra *A expedición do Pacífico*. Darío Xohán Cabana di que o feito de ter recibido tantos premios literarios "non mediatiza a miña obra de criador".


Na súa traxectoria de escritor aínda novo, xa conseguiu máis de setenta premios diferentes. Este mesmo Xerais obtívoo no 1989 con *Galván en Saor*. Non ve a hora de retirarse da concursística?

Para min non é ningún problema existencial este asunto. Son dous feitos independentes que están aí: eu escribo e hai premios literarios. Non teñen conexión mentres non acabo un libro. Despois deixo de ser puramente un escritor e son un home normal que se busca a vida. Teño un salario que é moi digno e me permite vivir, pero os ingresos da literatura son un plus lexítimo que tamén me interesa. Pero mentres escribo non penso para nada nos premios.

Téñenme dito que xa é hora de ir parando de presentarme, pero eu non o vexo así, porque non teño ningún senso reverencial ou sacro dos premios, e presentarse é como cobrar dereitos de autor. Cámbian as cousas sobre o acontecer normal do escritor en que podes atopar emocións inesperadas.

Na súa bibliografía case cada título se corresponde a un premio?

É exaxerado, porque moitos dos



premios son de xogos florais, por un poema solto.

Por que non desvela a liña argumental da novela?

Nun sentido filosófico pódese dicir pero no argumental non, porque a incertidume do lector tense que ir valseando a medida que transcurre a acción. A miña pre-

tensión é que o lector se sítue no argumento devagar e por iso non debería dicelo. O que se pode dicir é que a novela trata da nación e do nacionalismo, de Galicia e

O CERVO NA TORRE

DARÍO XOHAN CABANA

Polo camiño de Meira avanzan vintecatro homes, cabaleiros en finas bestas. Ben fínados nos seus talíns, os tres estandartes flamexan, poñendo estrelas no ar que a marcha abala. Diante da compañía, nun grande alazán dourado con longas crinas de marfil, un home louro e fermoso, na forza da vida, estrinca os pés nas estribas e escucha os signos do pais.

Á esquerda do camiño aséntase unha casa senlleira. Na airea populosa, os malladores suspenden o compasado bourar. Apoiados os queixelos nos malleis, a perna dereita estrincada, á esquerda un pouco adiantada en descanso, agardan a chegada da insólita columna. Un vello achégase á cancela. O capitán manda parar.

—Bos días, meus señores. ¿Estamos xa en Outeiro do Lago?

—Acaban de chegar agora mesmo. Esta é a primeira casa da parroquia.

—É á do señor Reinaldo Carballo, ¿por onde se vai, se fai o favor?

—Collén por esa costa abaixo, e aí a un quilómetro ven unha casa de pedra branca. Entón apartan á esquerda, e ó chegaren á escola, ou á ponte, case será tan ben que pregunten outra vez. ¿Os señores non queren parar e refrescarse un pouco?

—Señor, moitas gracias, será noutra ocasión.

O cabo de casa olla fite a fite pró xefe da columna, e bota a man polo

queixelo, coma dubidando; pero non lle é preciso formular a pregunta.

—Desculpen a miña descortesía —di o xenete do alazán—. Eu son o García, comandante da Garda e voso servidor, e estes señores son compañeiros meus.

Por riba do alegre catropeas dos cabalos sésente o poderoso zoupar dos malleis, enchendo a mañá. Por baixo do que todos oen, o comandante vai discernindo os diferentes sons da chicharrada. Nas gabias, nos valados, nos cómbaros, cantan mil bichos pequenos, e o mundo vexetal saúda o pai sol con mil estalidos diversos, construíndo a complexa sinfonía do estío serodio. Folas undosas chousas aínda quedan medeiros aquí e acolá, pero as máis das restrabeiras están xa labradas ou cos nabos botados. Nas agramas á outra man, os cotos amarelos prometen abondosa colleita de patacas, e unha airexa suave abala a rama seca. As longas millaradas peitan co seu verde son a brisa, e algún bagullo de fabas dilapida a semente xa madura pra contribuir a tanta música que o comandante escoita con amor atento.

Outeiro do Lago vai abrindo os seus barrios, abrigados do norte, á vista dos cabaleiros. Ó pasar unha lomba, recoñecen a casa branca. Un pouco despois dela aparta un camiño bastante principal, moi ben enxabrado, xa con poucos lacíns do alcatrán antigo. Os cabalos pónense ó paso.

—Eu ti ven un grande amigo que foi de aquí —dille o García ó primeiro

alférez—. Aquela noite quedaba en Vigo a durmir. Eso nos dixos, ó Castromao e mais a min. Acabamos tarde aquela xuntanza... Nunca máis soubemos del, tivo que morrer... ¡Ouh, canta xente morreu!

O rostro do alférez, aínda limpo de barba, tamén se cobre cunha sombra escura.

—Meu pai estaba en Sines. Tocáballe traballar aquela fin de semana. A mamá e mais eu fomos prá casa dos avós, que é cerca de Ourique. Eu era moi pequenino, case non teño acordos del...

Un carro de mollos vaise achegando lentamente, tirado por unha egua pequena e robusta. O chedeiro é caído e moi baixo, montado en medio chasis de automóbil. As rodas xa van gastas: non lles queda nin rastro de debuxo, e empezan a amosar as armacións de arame. Pero o ferro do chasis parece coma novo, coidadosamente pintado de vermello. A carga anchéase por riba dos funqueiros, nun equilibrio un tanto delicado, e ultrapasa a metade do camiño. O condutor agarra a besta pola axáquima e para xunta a gabia, coa agullada ó lombo. A columna adelgazase e cruza, o comandante levando catro dedos da man á aba do chapeu. O labrador corresponde ó saúdo, con garboso ademán.

A compañía chega a unha bonita chousa cerrada sobre si por un valado de terra, plantado de castiños non aínda grandes. Máis dela está a prado e froiteiras, pero hai tamén un hortei-

ro coutado con cantos, e un alboio de xestas ó carón da cancela. Detrás do alboio hai un pombal, redondo e branco, e xunta o zarro do norte abríganse vinte ou trinta colmeas. Un enorme cabalo pedrés anda a pacicar por xunta delas, e ergue a cabeza a penas un intre, entre bocado e bocado, con ollada curiosa. Despois da chousa, nun cimbro dominante, érguese coma unha crista un edificio longo e estreito. Son dúas antigas escolas xemelgas, con dous patíns que soben ás vivendas. Están caleadas de novo, e disimulan bastante ben a fealdade orixinal con encintados caprichosos e xanelas verdes.

No alto do patín, un home mira pró camiño... que as bandeiras dobran a revolta, baixa de présa os chanzos e queda parado no meo da verxa, sen dicir palabra. É máis ben alto ca baixo, ancho de ombreiros pero seco, un pouco dobregado pra diante, sen chegar a chepuado.

—Bos días, señor —saúda o García.

O home parece que se abala, e non contesta. O comandante, un pouco estrañado, bota pé a terra pra velo mellor, pero o sol bátelle nos ollos, e a penas distingue un gran bigote, un nariz de potente curvatura, o pelo branco contra a dura luz.

—¿Pero é posible que non me coñezas, García? ¿Tan acabadiño vou?

—¿Logo nosoutros...? ¡Fidel Carballo!

No berro hai un asombro indicible,

un sobresalto case mortal de gozo. Os dous homes abrízanse estreitamente, manéandose un a outro, bicándose, dicindo cousas confusas e torpes.

—¡Meu camarada, meu amiñuño...! Non morriches aló... ¡Meu Fidelíño!

É Fidel Carballo quen se recobra primeiro, e vaise ceibando suavemente da aperta.

—É que despois acordei non quedar —di con voz xa lixeira—. Aquí che estou de mestres... Estamos... ¿Pero pra onde ides vós? ¿Apean os teus compañeiros, ou non podedes parar? Acompañovos un pouco cara a onde sexa... Agarda un pouco, vou buscar a Laura... Debe ir aló na Veiga...

O García sésente alagado nun universo lúgido e pasivo, unha felicidade morna, emacelada. Intenta sobrepoñer-se, e agarra o Fidel pola man.

—Agarda ti, home, non sexas tolo. Xa nos veremos despois. Pensamos estar uns días por acá. E aínda que eso non fora, como vos había deixar eu así... Imos a cas do señor Reinaldo Carballo, antepoñonos agora un pouco... ¿... mellor aínda é algo teu?

—É meu pai. ¿Pedriño, ve!

A grande besta pedrés levanta a cabeza cunha presa de herba na boca, cruza alegremente a cancela e arrímassa a un polo. O seu amo móntao tal como está, e o pedrés pónse ó par do alazán dourado sen precisión de lle dicien nada. A compañía vai baixando entre agramas cara a unha ponte

Portugal e do socialismo, e no senso novelístico fala de persoas postas en situacións límite.

Situación do galego

Os resultados do mapa sócio-lingüístico da Academia son un reto para os cidadáns pero tamén para os escritores galegos?

Como cidadán hai moito que sabía por onde ian os tiros. A cifra fría coñécese agora pero a realidade hai tempo que se sabe. Lembro hai vintecinco anos polo Morrazo, en que todos os pequenos falaban galego e agora non hai nengun. Indo a política nesta dirección, mandando o PP ou outro semellante, non aplicando unha política non só lingüística senón global de carácter nacional é evidente que o galego perde posicións e queda esquecido nunha función litúrxica. Nos meus días optimistas creio na revolución e nos pesimistas teño a sensación de que estou contribuíndo ao canto do cisne, de que son un escritor da última xeración de autores en lingua galega. Afortunadamente van predominando os optimistas porque creio que a historia non está condenada e

Galiza acabará por conseguir a súa independencia.

Obsérvase unha tendencia crecente a traducir de contado as obras en galego ao castellano, cousa que vostede non ten feito.

A min como escritor non me atraí nen me supón un problema. Poderíame interesar por unha cuestión de cartos, pero máis polo portugués. Se púdesse publicaría os libros en galego e en pouco tempo tamén en portugués. Isto iríame ao corazón e o outro ao peto.

O argumento do mercado é reversíbel.

Pero é que o dos cartos, sendo importante, é accesório. Teño asegurada a miña vida a un nivel básico no meu traballo cotián. A min non me gustaría para nada ser un escritor profesional que vive en exclusiva da literatura. Prefiro manter a miña corte estrada co meu traballo, porque me garante a independencia. O razoamento do escritor profesional é moi perigoso, sobretodo nunha sociedade tan pechada e corrompida como a nosa. Pretender manter a independencia vivendo da pluma é unha utopía.

'A min non me gustaría para nada ser un escritor profesional que vive en exclusiva da literatura porque iso pon en perigo a independencia'

con beirís de ferro pintados de encarnado. O mestre mira pró comandante, e o comandante pró mestre, os dous en silencio, como amigos que non se ven desde hai tanto tempo que temen mancarse cunha palabra.

O García ergue o brazo dereito ordenando, e os cabalos entran gozosamente no río e pónense a beber as doces augas, tranquilas e claras. Nos lavadros de corrente arriba hai tres mozas descalzas, e un fato de gardas achégase a elas pra darlles conversación. Pero o comandante xa está mandando seguir. A columna sae do río polo porto de baixo, entre pequenos salgueiros. Os cabalos sacoden os rabos, esborrindo os xenetes e o pó da vereas. Os gardas van ficando atrás, deixando un espazo bastante pra non poderen oír conversacións que non deban. Fidel Carballo mira pró García, aclara a gorxa tuisindo sen gana, decídese.

—Logo que lle queredes a meu pai? Por aquí xa se anda falando do asunto, pero non creas que vai moito aló que se diga...

—Pensabamos facer unha asemblea, se vós estades de acordo.

—E estarán... Se cadra a ti faiche máis caso a xente.

—Home, supoño que tamén llo farán a el... O voso delegado mandou vir, mais di que a xente está moi ben disposta...

Fidel Carballo cala un intre, baixa a cabeza e fruncidos os beizos, co ar

de quen remoe algunhas palabras dubidando se debe ou non dicilas.

—Bueno, o delegado pode falar como queira, pero non todos pensan coma el. Moitos recéñanese esa guerra. E tampouco non é sen razón, paréceme a min. Non sei que presé vos entrou agora... Se aínda fora antes, cando máis falla nos facía unha axuda... Agora xa levamos ben anos así, e os outros cumpren o tratado e non se meten con ninguén. Pra serche sincero, non vexo necesidade de non cumprírdelo vós... Vivir e deixar vivir non é mala cousa.

O comandante fica sen fala. Mira pró Fidel Carballo co corazón encollido, e preguntase que puido pasar nunha alma que outrora foi tan destemida e agora se amosa tan engurrada. O mestre percibe o triste asombro, e un alustro de dor crízalle os ollos.

—Non te enfades comigo, García. Son un vello, meu irmancillo. Os lumes de antano xa se apagaron de todo. Quizais teñades razón, quizais eu non sexa máis ca un covarde. Pero non te enfades comigo.

O García sente unha fonda compaixón asolagárlle o peito. Engole o cuspe amargo, achégase máis ó vello amigo e agárralle unha man esquiva.

—Eu non podo enfadarme contigo, Fidel. Antes e agora e sempre, eu son teu irmán.

—É que me vin tan cerca da morte... Tan cerca desa morte horrible, lonxe dos meus... (..)♦

Investigadora do Instituto de Artes do Espectáculo de B. Aires

Maria Valdez

'Os meios atenden en especial a unha mocidade que estiran até os 40 anos'

■ ÓSCAR LOSADA

'O realmente transgresor non ten maneira de aparecer nos grandes medios de comunicación', di María Valdez, investigadora do Instituto de Artes do Espectáculo da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires. No congreso internacional de Pedagogía da imaxe (pé de imaxe) celebrado na Coruña presentou unha ponencia sobre "A representación das minorías sexuais na TV".

Cómo funcionan os estereotipos femininos nos programas de TV?

As presentadoras dos espazos adicados a mulleres van ter unha marca comun vencellada ao éxito e a beleza, por eso proveñen do mundo da moda ou do espectáculo, son moi atractivas, agás no caso de que estexan marcadas por unha grande variábel de éxito no mundo do espectáculo. Os temas a tratar caen a cotío en estereotipos abondo coñecidos.

Nas revistas para mulleres, existen tamén esos estereotipos ou rompen con certa imaxe que se dá da muller?

Na Arxentina hai, nestos intres, moitas publicacións de información xeral. Se tomas as revistas das que dispoñemos e arrincas as follas de publicidade, quedamos con corpo de tres páxinas. Nas revistas a publicidade gráfica está traballada en base a estereotipos das insercións publicitarias que veñen importadas, sobretodo, de Estados Unidos. Moitas das revistas que mercan as mulleres están adicadas a o espectáculo televisivos (para seguir as tele-novelas) ou aos cartilleiros. Unha revista como "Noticias", que é considerada a máis crítica, utiliza moitas páxinas para falar sobre figuras políticas ou dos medios, que están inzadas de estereotipos vencellados ao mundo do espectáculo. Na Arxentina hai unha espectacularización tan grande da imaxe que até os políticos semellan máis figuras de *Star-system* que propriamente políticos.

Quen poden ser os máis beneficiados deste xeito de facer?

É unha cuestión dunha política económica e cultural de mercado moi forte, marcada polo que caracteriza á maioría dos povos latinoamericanos que é o forte imperialismo USA e as marcas que van exercendo sobre nós. O que sucede nos medios de comunicación van exercendo sobre nós. O que sucede nos medios de comunicación é que existen empresas moi poderosas que exercen o monopolio e tenden nos seus programas a ser reaccionarios ou a manter mode-



A NOSA TERRA

los que non transgredan o marco social e político establecido.

A franxa na que se fai máis fincapé é nos adolescentes, e trabállase moito sobre a imaxe do adolescente que pasa esa idade, extendéndose tanto que semella que abrangue desde os 15 até os 40 anos. Todos, dalgún xeito, podemos ser xóvenes e, polo tanto, consumir. É como unha utopía de "imaxe" na que estamos permanentemente mergullados.

Quedar ben coa denuncia

Vostede dí que baixo discursos de aparencia pluralista latexan mensaxes reaccionarias. Fálase de calquera tema pero dase unha única visión

En Arxentina iso é posíbel porque un dos circuitos habituais para facelo son os programas de ficción e

posuímos unha trande tradición de culebróns. As zonas máis reaccionarias de poder e os que manexan os medios empregan eses mesmos mecanismos orais e de ficción para disfrazarse de discurso plural e aberto, cando, en definitiva, están a manexar os mesmos modelos de hai 50 anos. É moi difícil atopar zonas de "fractura" nese discurso, tan só existen os programas de humor, que pasan desapercibidos. Ademais non é cuestión de ser inxenua, se realmente houbese algo transgresor por completo non sería posíbel pasalo por nengun medio, porque a nosa sociedade, e os que manexan os medios, non o permitirían. O que causa problemas afástase das programacións ou pode ser asumido como o toque liberal, progre ou intelectual que te-

ñen para xustificarse. Iso pasou cos nosos espectáculo teatrais e de cinema que eran calificados como *underground*. No momento que foron máis transgresores, na década dos 60, ocasionaron problemas políticos. Agora todo o que foi ese circuito está incorporado do "Show-business" da cidade. Queda "ben" ir ollar un espectáculo *underground*, de denuncia. Incluso os lexitiman e os publicitan máis, se queres asistir a un espectáculo realmente transgresor tes que percuralo nun teatro moi pequeno, con xente que se manexa independentemente e ten moitos atrancos para levar adiante o seu cometido.

Existe medo no tratamento da homosexualidade en TV? Variou algo ou seguemos, tamén aquí, cos estereotipos?

Desde hai dous anos na Arxentina o "hit" da tempada televisiva é o tema da homosexualidade e o

transsexualismo. Temos moitos programas que se basean nos estereotipos, que están a dicir: moi ben, eles son así, pois que fagan a súa vida e xa está. Teñen "liberdade" para ser como son. A min o que me chama a atención é que a xente que sae nas entrevistas non se decata de que está a ser manipulada. Teñen tantos degaños por seren reivindicados, que se alguén vai e lles dá o seu apoio pónense moi ledos sen ser conscientes da manipulación posterior na elaboración da reportaxe. Non hai discriminación nen sectarismo en Arxentina "de boca para fóra" facer que se presta atención a estos problemas dos "raros" permite evadirse doutras cousas como o grave problema económico e político que padecemos.♦

'O que causa problemas afástase das programacións ou pode ser asumido como o toque liberal, progre ou intelectual para xustificarse'



A nova alma de Carlos Núñez

Almas de Fisterra é o novo disco do gaitero Carlos Núñez. O músico presentou este novo traballo na Nuit Celtic de París nun concerto no que compartiu cartel con Sinead O'Connor, The Chieftains ou Alán Stivell. O artista está agora a promocionar o novo disco no que quixo xuntar as diferentes gaitas e comunicar a Galiza con Bretaña. Contou coa colaboración de Liam O'Flynn ou Jordi Savall. ♦



Arte sobre negro

Dúas novas exposicións sobre a marea negra inauguraránse na Coruña e Vigo. O 27 de marzo ábrese na sala Salvador de Madariaga da Coruña a mostra *O chapapote móvese* na que se poñen á vista 64 obras de humor gráfico, cómica, pintura ou fotomontaxe organizado polo colectivo Chapapote da plataforma contra a Burla Negra. En Vigo, o día 10 de abril inaugurarase na Casa das Artes *Botella ao mar*, a colectiva de 350 artistas plásticos que logo viaxará ao Auditorio de Galicia de Compostela. ♦



Un premio para María Reimóndez

A poeta María Reimóndez ven de gañar o premio de narrativa da asociación de Mulleres Progresistas pola súa novela *Caderno de bitácora*. Nestes últimos meses a escritora estaba a presentar o seu libro de poesía *Moda Galega* e o do premio será cando saia publicado o seu primeiro libro de narrativa. Profesora e traductora, María Reimóndez é fundadora da ONG, Implicados/as no desenvolvemento e traduce e estudia a obra das literaturas poscoloniais, en especial das mulleres. ♦



CALROS SILVAR

O teatro galego celebra ao grande os seus premios María Casares. A gala ten lugar o día 27 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e a TVG fará a emisión en diferido nunhas altas horas da noite nas que a audiencia non acompaña. No mesmo día, en Barcelona abrirán a terceira mostra do ciclo de arte e compromiso social da cultura galega organi-

zado por Sargadelos que neste caso se dedica ás figuras de Colmeiro e Sout. O día 28 e 29 será o cine o protagonista, nas xornadas nas que se homenaxeará a Carlos Velo no seu Cartelle natal. A cada son máis os actos con Avilés de Taramancos como protagonista. Os días 3, 4 e 5 de abril en Noia celebrarase o congreso que a Xunta organiza cada ano arredor do Día das Letras Galegas. ♦



A.N.T.

Darío Xohán Cabana

‘Creo na poesía sentimental’

AFONSO EIRÉ

É o escritor máis premiado da literatura galega. Darío Xohán Cabana vén de ver publicadas a súa poesía completa, sacou ao mercado unha nova novela e vén de ser o protagonista ao que lle dedicaron as *Letras Chairegas*. Todo despois de cinco anos de silencio.

Dedicánlle o Día das Letras Chairegas. Vén de publicarse a súa obra poética completa e aínda é un escritor novo.

Tan novo, tan novo xa non somos, temos 50 anos. Con esta cifra simbólica comezoume a apetece reunir toda a poesía que tiña feito ata agora. Máis que nada por dicir ata aquí chegamos. Quería verme libre deses libros dispersos, de poemas dispersos... Tamén quería quitar do canon tres ou catro poemas. Uns porque me parecían moi malos e outros por motivos persoais. Tamén quería introducir poemas que, por algunha razón, non saíran nos libros para os que se escribiron. Dicar aquí está o que fixen e que cada quen que xulgue.

¿Existen moitas novidades?

Hai ao final un grupo de poemas de ocasión que me pareceu que valía a pena conservar. Hai outros do mesmo corte que non metín: naceron para a ocasión e morreron con ela. Hai outros de

homenaxe que tampouco incluí, porque se a intención era boa, os poemas non merecen a pena.

¿Que deixa atrás daquel poeta que comezou a publicar en 1970?

Os que saíron como libros van enteiros, agás algún poema do *Romanceiro de Terra Cha*.

Refírome a se comeza unha nova etapa literaria.

Non, non penso comezar nunha nova etapa. Só comezo os meus seguintes anos de vida. Os que me quedan.

Imaxine que vive tanto coma Otero Pedraio e segue co mesmo ritmo de produción, cantas obras completas terá que facer aínda...

Ningunha máis. É ben difícil que dure outros 50 anos.

¿Agora que se parou a ollar para atrás, como ve aquela primeira etapa, con libros como *Verbas a un irmao*?

Os tres primeiros libros, *Verbas a un irmao*, *Home e Terra* e *Romanceiro da Terra*

Cha, parécenme libros considerablemente malos, que nunca deberon de publicarse. Pero son parte da miña historia e volve estar aí. Os dous primeiros van íntegros e do *Romanceiro da Terra Cha* non se inclúen dous poemas, un porque é moi malo e outro porque quero quitalo.

A partires do *Romanceiro da Terra Cha*, que escribín no ano 70 aínda que se publicou en 1973, comecei a tomar a poesía un pouco máis en serio. Fáltábame moita perspectiva, moitas lecturas e, sobre todo, moita reflexión sobre esas lecturas.

Unha nova etapa

Que procure agora a madurez aos 18 anos...

Cecais lera máis a quen non debía que a quen debía. Aínda que lera a Manuel María, a Pondal, a Celso Emilio Ferreiro... Estaba nunha onda que non debía. Logo comecei a escribir con máis esixencia formal. O meu primeiro libro publicado que ten dignidade literaria é *Abrelle a porta ao día*. Foi cando comecei a escribir con máis tensión. Ao comezo

facíao cunha facilidade espantosa. Escribía tan fácil tan fácil que, agora, ollando para atrás, eses versos horrorízanme.

Pero sempre foi unha das súas características a facilidade para escribir.

Teño facilidade e certa destreza métrica, pero son habelencias que se non andas con coidado con elas vólvense perigosas. Soar soan ben, os versos están ben construídos, pero... Despois, por debaixo desa aparente facilidade estaba a tensión, o rigor, un labor de lima, de conexión, de resistencia... Se un ten gañas de escribir unha cousa debe resistir ata que non poda máis. Ata que o poema estea como nunha ola a presión e ou rebenta ou sae.

Ese xeito de escribir non é característico precisamente da mocidade.

Sí, co tempo perdesese ese ímpeto, ese entusiasmo e gañas en reflexión...

Inflúen tamén as circunstancias persoais.

Daquela eu non comprendera aínda que a poesía non é unha arma cargada de futuro. Pode ser, pero iso non xustifica a poesía. Iso xustifica o panfleto. Despois comecei a aprender que a poesía e o panfleto non son a mesma cousa. En determinadas circunstancias, porque cho pide o teu partido, porque cho piden os teus camaradas, podes facer un romance para un combate inmediato, pero iso non é poesía necesariamente. Pode ser, pero a maior parte das veces quédanse en versos graciosos, ben levados ou, aínda, tronantes que producen un certo arreguizo no recitado e na canción, pero na lectura reflexiva esvaeécense.

¿Ata que punto condicionou a súa obra a militancia política?

Nos primeiros anos, moitísimo. Logo, cada vez menos. Hoxe, practicamente nada, aínda que é moito dicir porque unha cousa é o que tes vontade de facer e outra o que fas, porque tampouco non me resisto. Unha das cousas que máis fago é poesía política, pero non está condicionada por unha militancia.

Outro dos grandes condicionantes da súa obra foi a necesidade de presentarse a premios literarios.

Unha necesidade estritamente económica, que quede claro. Fun pobre moito tempo. Hoxe, que teño algo máis de estabilidade, xa non me vexo na obriga de facer tres poemas para gañar un premio, por exemplo en Bergantiños. Eses poemas de certame, agás raras excepcións, non están nesta “obra completa”.

Esa necesidade daríalle unha aprendizaxe...

A habelencia formal conseguina non escribindo para premios, senón coas traducións. Traducindo a Dante e a Petrarca conseguín ter unha destreza métrica que, sempre que non me esixan que sexa bo, podo construír un soneto de calquera maneira e sobre calquera tema. Esas traducións permitíronme trasladar a fórmula á poesía que presentaba aos premios. As traducións son unha enorme ximnasia. Xa tiña tamén unha certa destreza métrica. Son calidades. Dáseme ben a métrica e son un negado para a música.

O salto á novela

Tamén decidíu dar o salto á prosa, algo común noutros moitos poetas galegos nos últimos anos. ¿Cal foi o motivo, se é que existiu?

Foi un plan de vida. Cando era rapaz escribín *Noticias dunha Aldea* e, polos anos setenta, tamén comezara a escribir unha novela. Esa novela, da que fixen cincuenta ou sesenta follas, perdína nunha ocasión, afortunadamente. Cada vez que me lembro dela aborrezoa máis. Era

‘A miña obra está moi condicionada pola militancia política e pola necesidade de gañar premios’

espantosa. Tanto que se me meteu na cabeza que a novela esixe madurez, unha estupidez. Que a novela é un xénero que comeza aos 35 anos, cando existen novelas extraordinarias escritas por persoas de 20 anos. Pero eu non comecei ata os 35, máis ou menos. A primeira, *As aventuras de Breogán Folgueira*, escribina coma unha especie de exercicio antes de comezar *Galván en Saor*, que era a que primeira que tiña pensado facer. Levaba anos e anos tomando notas. Fíxena porque pensei que chegara á madurez. E atopeime ben. Tiñalle moito máis medo á novela do que lle debía ter. Pensei que era moito máis difícil.

Galván en Saor foi acolida por críticas moi boas, pero tamén algunhas moi malas. ¿Marcárono dalgún xeito?

A maioría foron favorábeis, cun éxito fastoso de público, sobre todo no ensino. Foi un libro recomendado por moitos profesores de galego e funcionaba entre os alumnos. Para min foi chegar e encher. Un éxito incribel. Van máis de 43.000 exemplares vendidos.

Afirma que tiña as novelas moi pensadas desde había tempo. ¿Tiña claro por onde ía ir a temática da súa narrativa?

Non. Tiña pensado escribir esa pero non tiña pensado escribir moito máis. Pero comezáronse a ocorrer as ideas coma churros. Teño un caixón cheo de carpetas que conteñen os esquemas de 25 ou 30 novelas que non escribín e, probablemente, a maioría non as escriba nunca.

As influencias

¿En poesía, cales foron as súas influencias, ademais da de Manuel María?

A de Manuel é evidente, pero, ademais, agora relendo todo,

‘Son fillo de Manuel María e Méndez Ferrín’

percibo perfectamente a influencia de Celso Emilio Ferreiro, a tradición de Curros, malia a gustar máis a Ponal. Despois Machado, aínda que tardei moito en darlle conta de cál era a súa sustancia estética. Por algunha causa que non recordo, tiña unha predisposición especial pola poesía de Antonio Machado que, agora, non entendo.

E na prosa, ¿como vai afloando a súa idea de novelas?

Eu lin moitísimo. Moitísima literatura de aventuras e tamén novela histórica. Dentro da nosa tradición literaria foron Otero Pedraio, Cunqueiro e Ferrín os que máis me influíron.

O que non quer dicir que siga os métodos de narración de calquera deles, pois se siga algún método de narración está máis na liña de Stevenson.

Pero comeza a meterse no mundo literario de Cunqueiro e Ferrín con Galván en Saor, polo menos nos nomes...

Xoguei a sementar a confusión. Todo o mundo falou de Cunqueiro, cando a raíz da sustancia desa novela está no conto *Amor de Artur de Ferrín*. *Galván en Saor* é unha contradición de *Amor de Artur*. Ferrín, non sei porque, deulle por poñer a Galván como personaxe negativo. Eu fago unha vindicación de

Galván contra Méndez Ferrín.

¿E non terá Ferrín tamén moito de vindicación contra Cunqueiro?

Pode ser, ou pode non ser. Ferrín e Cunqueiro son da mesma xeración, comezan a escribir ao mesmo tempo, aínda que Ferrín sexa máis novo.

Vostede adentróuse tamén na novela histórica, unha temática pouco valorada na nosa literatura...


Porque somos unha colonia. Uns colonizados. Cando saí *Morte de Rei*, houbo unha persoa que me dixo que a novela era moi longa. Eu sei que esa persoa lía certas novelas, coma Ponte de Alcántara, que son o dobre de longas e, por certo, tres veces máis malas, pero están en español, traducidas do inglés. Aceptamos na literatura que vén con expresión española moitas cousas que non aceptamos na literatura galega. As novelas de Otero Pedraio nunca tiveron éxito por estar en galego. Non é que sexamos moi autocríticos, é que temos a mente mal conformada. *Guerra e Paz* é unha novela inmensamente longa pero todos a gaban. Aquí, unha novela que é a metade de longa, en galego, chégalle para presentala como anacrónica e ilexible.

Os libros máis gabados, ás veces, non son os máis lidos. ¿Canta xente leu o *Ulises* de Joyce?

Eu admiro a Joyce, pero fun incapaz de ler o *Ulises*. Ao mellor de aquí a dez anos volto collelo e resulta que me gusta.

Darío, pasou uns anos de silencio literario. ¿Pensou en deixar de escribir?

Nunca me formulei a posibilidade de deixar de escribir. Levaba catro ou cinco anos sen escribir practicamente nada, pero sabía que volvería a facelo. ♦



ANT.

‘A Terra Cha foi creada por Manuel María’

Vén de recibir unha homenaxe como escritor da Terra Cha. Manuel María realizou o seu discurso de entrada na Academia sobre este tema, pero ¿teñen algo en común máis que a proximidade de nacemento?

Manuel escribiu hai anos un libro chamado *Terra Cha*. O libro foi medrando, medrando e Manuel foi pensando, pensando. Así que, con ese libro, naceron dúas cousas, naceu a Terra Cha e naceu a escola poética da Terra Cha.

A Terra Cha é evidente que existe e ten sustancia física, pero non era moi perceptíbel na miña infancia, por exemplo. Hoxe, pola contra, percíbese dunha maneira tremenda. É unha sustancia mítica. Existe unha base real, unha terra cha, pero a Terra Cha está creada por Manuel María.

A respecto da escola poética, non digo que non existan algunhas cousas en común. A paisaxe da Terra Cha é unha paisaxe un pouco especial. Cando non había estradas de chapapote por todos os sitios era, sobre todo no inver-

no, unha paisaxe francamente triste e áspera. Ese espírito está en poetas como Aquilino Iglesia Alvariño, en Crecente Vega, en Manuel María, naturalmente, e, mesmo, en Xosé María Díaz Castro. Hai unhas semellanzas na visión aínda que non constituían escola poética. Eu excluíría a Noriega Varela. Primeiro porque non me gusta nada, os outros si. Segundo, porque non é da Terra Cha, o que fala da montaña é da montaña.

A escola poética da Terra Cha foi un invento de Manuel María pero hoxe funciona. Todos oficiamos no altar que levantou Manuel María que, ao fin e ao cabo, é o noso patriarca e o noso xefe de clan ao que temos que obedecer e, se non a había, ten que habela. Eu, polo menos, síntome partícipe dela.

Afirmase que a poesía galega está no mellor momento da súa historia...

Lévasse dicindo 20 anos e, por fin, é certo. Hoxe hai un bo número de grandes poetas. Non quer dicir que antes estivesemos sen nada. Os que escribiron nos anos cincuenta, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Bernardino Graña, García Bodaño, Franco Grande, Avilés de Taramancos..., son grandes poetas. Hoxe non hai poetas que sexan máis grandes ca eles.

‘A narrativa galega está ao nivel de calquera literatura’

Houbo uns anos nos que a poesía galega estaba instalada no culturalismo centroeuropeo, coma traducido dunha certa filosofía escolástica sen viveza. Nuns anos a esta parte, comeza a volverse, non diríaa unha poesía social, esa é unha etiqueta que non serve, senón unha poesía da car-

ne, do sentimento da verdade. Fálase de cousas que están aí, que se poden tocar. Creo na poesía sentimental. A grande poesía é o desgarrar, o que nos comove. Hoxe existe. Acabo de ler un libro que me mandou Xulio Valcarcel, poeta que antes só me gustaba regular, que é tremendo. Un libro en carne viva. Un libro de sentimentalidade espesa, dura e áspera... Extraordinario.

Penso que están cambiando moitas cousas e a poesía reflicte tamén eses cambios. Antes críamos que todos eramos bos e, agora, estamos a darnos conta de que hai bos e hai malos.

¿Olla o mesmo florecer na narrativa?

Aínda máis. A narrativa depende máis da cantidade. Hoxe tamén hai un mínimo mercado que antes non existía. De todos os que se publican ao ano, hai dous tercios de libros dos que se podería prescindir, un tercio ben construídos e, entre eles, tres ou catro extraordinarios. Esa é unha boa colleita anual para calquera literatura. ♦

‘Non se pode sacrificar a lingua por buscar a claridade’

Una das súas características como escritor, desde o comezo, é a importancia que lle confire ao idioma dentro da súa literatura.

Non teño especial consciencia verbo do idioma que emprego. Dinme conta cando mo fixeron notar en múltiples ocasións. Parecíame que o idioma era así. A literatura é lingua. Confeso que ao ler certa literatura, meritosa no xeito de narrar, na historia, na construción, na intención, rénxeme a lingua. A lingua é a nai da literatura. Tense dito que a novela é boa se ao traducila non perde. Todo o contrario. A novela, ao traducila pérdese. O peor que lle pode pasar a unha novela é que sexa mellor na tradución que no orixinal.

Pero vostede, ao mesmo tempo, tivo sempre unha aposta pola claridade, porque o entendesen.

Tendo a escribir todo o máis claro posíbel. Pero, en aras da claridade, o que non se pode sacrificar é a lingua. O que non sabe, que aprenda. O escritor nunca pode mudar unha palabra por outra, simplemente porque a palabra que a el lle parece boa sexa unha palabra menos coñecida.

¿Como levou o conflito normativo?

Disciplinadamente. Sempre obedecín o que me mandou a Academia e penso seguir facéndoo. Gustárame, iso si, que a Academia realizase esas mínimas modificacións que foron tratadas hai un tempo e que, sen modificar substancialmente nada, nin subverter o espírito da lingua, posibilitan o consenso.

¿Non é un pouco raro que un disidente coma vostede se adaptase sempre á normativa lingüística da oficialidade?

Sempre falei un dialecto e gústame moito. Unha enxeñaría lingüística excesivamente intervencionista non me cadra ben. Por outra parte, paréceme difícil o achegamento a portugueses porque levamos cincocentos anos separados. O que temos é que recorrer ao portugués como lingua subsidiaria. ♦


‘Sempre obedecín o que me mandou a Academia’

Darío Xohán Cabana

‘Só escribo poesía cando non podo remedialo’

XAN CARBALLA

Darío Xohán Cabana (Roás, 1952), regresa á poesía con *Cabalgada na brétema* (Galexia), despois de varios anos ocupado noutros mesteres literarios e de a pouco ingresado na Academia Galega. Escritor de rexistos variados Darío reivindicase poeta e na profundidade deste libro atópanse as marcas dunha obra que fai eterno un idioma.



A.G.N.

Vostede é un autor total, que lugar ocupa a poesía na súa xerarquía literaria?

O papel principal. A poesía é o que máis me enche. Cando teño algún acerto é na poesía onde máis satisfacción atopo. Non a planífico, aínda que en ocasións o fixera, e o que tendo é a escribir o menos que podo, ao contrario do que facía antes. Prefiro concentrar e resistir a tentación até que non queda máis remedio.

Daquela, é un oficio ou unha inspiración?

Para min a poesía é unha maneira de vida e desde que era rapaz quería ser poeta, agora sono e vivo de poeta procurando que non se me note moito. O poema vai medrando dentro até que está madura a súa circunstancia e ese é o momento de metelo en palabras. As veces a idea apodrece e hai que abandoala e outras xa non queda outra que escribila. Os poemas de *Cabalgada na brétema* escribínos practicamente todos no verán de hai tres anos cando levaba case unha década sen apenas facer poemas. Estaban en min desde había moito tempo, por exemplo

o que lle dá título ao libro andábao remexendo desde hai máis de sete anos. A concepción e o marco sentimental estaban completos pero o resultado é o produto da propia escrita, xa que as palabras tiran unhas das outras.

Máis alá do sentido que ten para o propio autor a súa obra, modifícouse moito a función social da poesía respecto a outras épocas?

As cousas mudan porque agora publícase moito. Se collemos a Francisco Añón, un poeta realmente moi bon, que dominaba a forma e tiña elegancia –aínda que ningún o lea agora–, viviu máis de setenta anos e non publicou ningún libro en vida. Hai un século era excepcional e hoxe quen máis quen menos publica bastante e ademais faino desde cedo. A poesía antes considerábase máis importante que agora. A transcendencia que puideron ter libros como *Cantares Gallegos* ou *Aires*

da miña terra probablemente non o teña hoxe ningún, aínda pensando nos que sexan equivalentes na súa xerarquía estética, e canto máis os libros de poetas menores coma min.

Hai poemas dentro do libro, como *Biografía*, que aínda que se refiren a unha persoa en particular son case unha testemuña xeracional.

Espero que teña a densidade lírica do poema pero está estruturado como relato. Pásalle tamén a *Cabalgada na brétema*, a *O voo do mascato* ou a *Carballo*. Como nos vamos facendo vellos quería que a vida do meu padriño quedase fixada, porque o tempo é cabrón e borra toda memoria. Aínda que só me importase a min, *Biografía* é a memoria de toda unha xente queimada pola guerra, a rebelión franquista e a ditadura.

Unha persoa é filla do seu tempo e da súa terra, a súa

poesía acompaña en certo sentido a historia destas décadas. Na lapela fálase de cinco motivos como marcas da súa obra: nación, clase, casa, estirpe e morte.

Un é fillo das súas circunstancias e sobretudo de seus pais. Teño unha conciencia moi acusada das miñas orixes e son un clasista, pero como me tocou por abaixo son clasista dos pobres e góstame ser quen son e afirmalo. Por aí vai este libro de poemas que por outra parte se Ferrín non chega a escribir o seu *Estirpe* eu non chegaba a facelo así.

No discurso de ingreso na Academia Galega considerábase fillo desa grande xeración.

Son un dos seus epígonos e síntome que, apesar da idade, vou pola vella e son daquel grupo. Integreime no sistema literario no ano 69/70, un momento de esplendor de Manuel María e de Ferrín. que foi cos que compartín a aventura. Por circunstancias diversas, tamén de residencia, vivín apartado do movemento que se formou despois e pensando as cousas compartín con eles dous, con Xohana Torres e Novoneyra, cousas

diferentes que escritores que publicaron uns anos despois. Gostárame ser da xeración de Cálcamo ou de Baixeras pero son da anterior. Houbo un cambio político e aínda que a literatura sexa autónoma non o é tanto e no ano 1980 calla un novo movemento. Pero non sinto con eles a sensación de grupo que teño con Bernardino Graña, con Ferrín e outros que apenas tratei como Xosé Fernández Ferreiro ou Salvador García Bodaño. Todos eles foron a miña referencia contemporánea.

Creo ter lido que reivindicaba en canto á poesía o bon uso da métrica, do ritmo, da emoción,... tamén da música?

A poesía sempre foi canto, só que agora parece que certa rama da poesía está divorciada pero segue existindo a poesía dos cantores, que unhas veces compoñen a eles e outras cantan a de outros. Eu tiven relación con Suso Vaamonde, un pouco de tempo en Madrid con Amancio Prada e despois xa máis de continuo con *Fuxan os Ventos* e despois *A Quenlla*, pero nunca estiven permanentemente no sistema trovadorico. O que me gustaría era cantar como Georges Brassens pero cada un ten que asumir as súas carencias e a miña capacidade musical limita nas palabras e non chega aos instrumentos.

Falando da música das palabras, como lle afecta ao poeta a situación da lingua, mesmo á hora de entendido?

É un problema grande. No libro hai un poema que fai unha relación de palabras que hoxe ninguén entende porque ese mundo acabou. É un imperativo da evolución. Outro problema é a situación do galego. Pensar que poda extinguirse a lingua na que escribes é un espanto, pero de momento aínda hai que agardar porque non estamos na situación angustiosa do non retorno e a vontade política pode facer invertir o proceso.

Por que o libro remata cunhas “Explicacións”?

Parecíame necesario, porque non me gusta encabezar os poemas con citas, pero incluía tantas referencias alleas que habería quen podía pensar que son un plaxiario. Fixeno a mantenta porque, se no medio dun discurso aparéceme un verso de Celso Emilio, non vexo porque teño que buscar outro, xa o fixen meu. Non teño pretensión de orixinalidade e poemas como *O voo do mascato* están inzados de versos de Ferrín ou de Avilés de Tarancos. Ás veces doume conta de quen son e outras só cando me avisan. As explicacións tamén son agradecementos.

A súa é unha poesía para ser dita?

Fixena en verso chamado libre pero como sempre que escribo, poesía ou prosa, pronunciei cada palabra buscando unha musicalidade complexa que é máis difícil que cando utilizas versos medidos que teñen xa as súas propias regras e acentuacións. O problema é que despois lese mal cando se debía facer como cando fomos á escola, recitando en alta voz. ♦

A patria de Darío

Un libro de conversas traza a biografía do escritor

X.C.
“O galego serve pra mirarnos no espello e ver que aínda non traizoamos o noso sangue e non nos deixamos vencer” é unha das múltiples afirmacións que o poeta lu-gués deita no libro *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita* (Xerais) escrito man con man por Xosé Luis Calvo e Iago Rodríguez Yáñez.

Noonsel doutros libros editados nestes últimos anos, o xénero autobiográfico está collendo a faga da longa entrevista. Desta volta foron catorce horas de conversa ordenadas nun volume que percorre a traxectoria vital e literaria do que pode ser considerado herdeiro de Manuel María no título de *poeta maior da Terra Chá*, unha denominación que como no seu antecesor non debe limitar o seu carácter de autor con vontade nacional. A opinión aberta sobre escritores queridos e non, as súas ideas políticas, a reivindicación do idioma e unha mancha de reflexións e lembranzas desafiadas en máis de duascenas páxinas axúdannos a construír o retrato dun autor en plena madurez creativa.

A reivindicación da estirpe familiar acada momentos de emoción intensa, algo sempre estivo na súa obra acadando momentos cimeiros no seu recente *Calbada na bretema*. Dille Darío X. Cabana aos seus contertúlios, “xa vai sendo hora de que diga que eu son escritor en galego e nacionalista por meu pai. Lembro que cando fun estudar a Lugo andaba polos once anos e non sabía activamente castelán. Sabíao ler e escribir, pero activamente non. E a primeira vez que volví a Roás dixeran catro palabras seguidas en castelán, mirade canto aprendera. Entón meu pai vai e díme moi seriamente; estábamos na aira, ao carón da choza: ‘Eso



A. G. N. / Arquivo

non se dice así; así non se fala.’ E eu pregunteille: ‘¿Por qué teño que falar en galego?’ E meu pai contestoume: ‘Porque nosoutros o falamos sempre.’ E esa resposta de meu pai quedoume absolutamente cravada. Porque o dixi exactamente así, con esas mesmas palabras, e a min deume vergonza, e nunca máis volví facer o feito... Para min meu pai foi moi importante. Era un home de esquerdas, un comunista, un home culto no seu medio, de moita

lectura e moita reflexión... Miña mai... Miña mai era moito máis calada. Era muller de lecturas, aínda que o disimulaba, non dicía nada deso. Sempre mirei para ela moito, miraba pró que ela pensaba, aínda que non dixerá nada, que eu ben llo coñecía. O malo é que sempre fun moi desobediente. Agora miña mai vai estando ben, pero a morte de meu pai deixouna moi soñá... Era unha cousa tremenda o que dependía dun doutro”.

Escrita monolíngue

Á pregunta *¿Pensas publicar en castelán?* Darío expláise, “Non escribirei nunca en castelán porque eu neso sonvos moi sectario, son doutra relixión (...) pero ollo, alá cadaquén coa súa. Aquí, cando Alfredo Conde gañou aquel premio cunha novela en castelán, a min chamáronme a toda présa para que expresara a miña opinión. Manda carallo, hai que andar opinando de cada cousa. (...) Chamáronme porque o debían querer foder, e eu non opinei. Primeiro, Alfredo Conde é meu amigo, e logo está no seu perfecto dereito de escribir unha novela en castelán. Agora acaban de darlle un premio a Luísa Castro. Todos os escritores lle queren, ninguén lle di que traizoou a lingua do seu país por poñerse a escribir en castelán. ¿Entón por que se meten con Alfredo Conde, que ademais é meu amigo? Eu estou no sector monolíngue, que é o maioritario, case único. Esa é a gran conquista da Gran Xeración Antifranquista, na cal eu como epígono me quero introducir. En castelán non teño obra literaria. Un artigo é outra cousa. (...) Home, no fondo amólame que Alfredo Conde escribise en castelán, pero tamén ten perfecto dereito a escribilo e non por eso deixa de ser quen é na literatura galega. Mirade que tampouco non é o único caso, Camilo Gonsar tamén publicou hai pouco unha novela en castelán (...). Tamén desertou Rosalía... pero non, de Rosalía desertar é moito dicir, porque daquela era outra cousa. Agora é distinto, se eu me puñese a escribir en castelán si que sería desertar, despois de haber Méndez Ferrín e Bernardino Graña, e Fernández Ferreiro, e todos eses”.

Reivindicación dos mestres

Xosé Mª [Alvarez Blázquez] servíume de mestre, pero tamén me serviu de amigo, de compañeiro. Eu con el pasei moita vida, convivimos día a día continuamente durante catro anos, e eso é un mundo. Eu creo que Xosé María foi unha das persoas que máis me marcaron na miña vida, porque non é tanto que aprendese del, non é aprender, ou non só, é contaxiarse de cousas. Por exemplo, a paciencia en certos labores intelectuais supoño que ma contaxiou el case sen darme conta, porque era moi meticoloso, e eso máis que aprendelo, contaxiábase.

Manuel María para min foi o primeiro mestre e home fundamental para encarrirarme.

(...) O que pasa é que o Manuel María tivo moi mala sorte, por que estes carallos [reférese a grupos poéticos dos anos 70] dixeron: ‘temos que buscar unha especie de monicaco a quen mallar a paus’. E entón deron en mallar no Manuel María. ¡Pero se o Manuel María estaba facendo poesía dende había moitos anos! Poño por caso *In-forme para axudar a alceder unha cerilla, Laio e cramor pola Bretaña* ou *Versos para cantar en feiras e romaxes*, que é unha marabilla da utilización do ripio, da frase feita, da palabra manida para conseguir efectos estéticos. ¡Manuel María é un poeta absolutamente moderno, carallo! ¡Era o autor de *Morrendo a cada intre*, antes

de nós nacermos! Así e todo, mallaban nel como quen malla no centeo verde, porque dicían: ‘Manuel María, o paisaxista da terra Chá...’ ¡Manuel María é moito máis que o paisaxismo da Terra Chá! O que pasa é que non sabían ler ben, ou non querían, ou non poñían atención, e confundían con Noriega.

Ferrín é o meu camarada, por enriba de todo. Téñolle unha envexa bestial. Escribe tan ben que me deixa medio aniquilado. Cada vez que el escribe un libro eu estou equis tempo sen escribir, e logo escribo. Estou en diálogo permanente con Ferrín, quizais non se nota moito, porque certas marcas de estilo non son comúns. Pero boa parte dos

meus libros están escritos porque Ferrín escribiu outros libros. Dixeron algúns críticos que eu escribín *Galván en Saor* por Cunqueiro, pero en realidade escribino en contra do primeiro conto de *Amor de Artur*, para levarlle a contraria a ese conto, porque poñía a Galván como un malvado e eu non estou de acordo, eso é unha animada que o Ferrín aprendeu dun tal White, un inglés mala besta que astra parece mentira que lle faga caso. Estou en diálogo permanente con el, dunha maneira fundamental, a pesar de escribir cousas moi disintas. Astra o fago personaxe literario, que remedio. Hai un personaxe n’*O cervo na torre* que ou é el ou é o rei Artur.

SEGURO AZAR

Chistes

DAMIÁN VILLALÁIN

Non me parece que constitúa un grande avance para o proceso de construción nacional que a chamada *síndrome da aldraxe*, ese serpenteante e polimorfo recurso das mobilizacións nacionalistas, transite en Galicia dende a acreditada denuncia do atraso económico, ou a reivindicación setenteira dun Estatuto como é debido, ata o terreo populista e túzaro dos *chistes de gallegos*. Eu entendo os refinados praceres do vitimismo e comprendo que haxa xente que goce sentíndose ofendida no seu ser nacional e mesmo inventando “españois” que non parece que teñan máis cousa que facer na vida que dedicarse a humillar e escamecer os “galegos”, quen capitanearán un nutrido grupo de pobos, significativamente periféricos e con aspiracións nacionalitarias, convertidos polos mesetarios en obxecto de burlas e escarnios desvalorizadores. Conclusión: os españois-madrileños odian os galegos, ademais de os vascos e os cataláns, e expresan o seu rancor ríndose de nós por medio de chistes e chanzas aldraxantes. A proba está en *Google*, conforme desvela o meu benquerido e por tantas cousas admirado Vitor Vaquerro en artigo publicado hai pouco nestas mesmas páxinas.

O dos cataláns aínda ten un pase, pois é ben coñecida a rivalidade nunca ben resolta entre Madrid e Barcelona, entre unha concepción castelanista e castizorra de España e a idea máis mediterránea, moderna e europeísta que representou historicamente o catalanismo. Non estou tan seguro do estatus actual dos vascos, noutro tidos polos máis puros e nobres representantes da España racial e eterna, e hoxe probablemente transformados polos fabricantes de estereotipos en seres violentos e un pouco pesados. Pero facer da abundancia dos famosos *chistes de gallegos*, procedentes na súa maioría dun lugar como Arxentina –no que o xentilicio *gallego* se aplica, como todos sabemos, ao conxunto dos peninsulares– unha demostración inequívoca e fidedigna do odio e a xenreira que supostamente nos profesarían os “españois” ou “Madrid” paréceme excesivo. Segundo esta pouco existente lóxica gogeliana, os habitantes da vila onubense de Lepe serían, despois dos galegos e por riba dos cataláns, as xentes máis detestadas. Non moi lonxe, por riba dos vascos, andarían os propios arxentinos. En cambio, inimigos tradicionais da España de sempre –ingleses, franceses, norteamericanos– serían hoxe vistos como almas benditas e amigas, igual que os portugueses, os *moros* e os *negros*, pois ningún destes colectivos nacionais ou étnicos reciben apenas mofas neste peculiar *top ten*. Iso si, hai que andar con ollo cos xaponeses, que soben coma a escuma.